



CONCELLO DE TORDOIA.- (A Coruña)

C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 / 981.69.01.28 FAX.: 981.69.00.05 E-mail: correo@tordoia.dicoruna.es

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DA CONVOCATORIA DAS ACTIVIDADES DE "VERÁN LÚDICO 2020".DENTRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DA CONCILIACIÓN: "VACACIÓNS LÚDICAS 2020" .-

EXPEDIENTE: 2020/G003/000143

ANTECEDENTES:

Vista a comunicación de continuación, enviada 06/05/2020, do procedemento RESOLUCIÓN do 19 de decembro de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen ás bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se procede a súa convocatoria no ano 2020 (SI435B, SI435A, SI427B e SI435C).

VISTO o comunicado informativo, enviado o día 08/05/2020 pola Secretaría Xeral da Igualdade, donde se permite a realización de modificacións ou melloras en relación a solicitude enviada inicialmente, pola actual situación e dadas as circunstancias excepcionais que concorren polo impacto da pandemia do Covid-19 na programación e execución dos programas solicitados.

Visto o interese do concello na realización de medidas ou programas de conciliación, como o Programa Vacacións Lúdicas, co fin de fomentar a corresponsabilidade entre mulleres e homes a través da conciliación dos seus tempos persoais, laborais e familiares e incorporen a perspectiva de xénero para fomentar a igualdade entre mulleres e homes nos nenos e nenas participantes.

Visto que as actividades de "Semana Santa Lúdica" tamén dentro do programa de fomento da Conciliación "Vacacións Lúdicas 2020" non se puideron realizar por mor do estado de alarma provocado pola pandemia de Covid-19.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro :Aprobación da realización das actividades de "Verán Lúdico 2020" dende o 22 de xuño de 2020 ata o 11 setembro 2020), de 9.00 horas a 14.00 horas, de luns a venres; sempre que as autoridades competentes na materia así o ditaminen e a situación en relación a pandemia do Covid-19 o permita..

Segundo: As prazas estarán limitadas. En caso de que a demanda supere ás prazas ofertadas, terán preferencia en primeiro lugar as nenas e os nenos empadroadas e empadroados no concello de Tordoia, en segundo lugar, a admisión farase por rigoroso orde de rexistro de entrada das solicitudes nas dependencias municipais. Sen prexuízo de que por causas motivadas, e previo informe técnico, se amplíen ou reduzan o número de prazas.



CONCELLO DE TORDOIA.- (A Coruña)

C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 / 981.69.01.28 FAX.: 981.69.00.05 E-mail: correo@tordoia.dicoruna.es

Terceiro: As actividades do "Verán Lúdico" estarán dirixidas a nenas e nenos de entre tres anos, cumpridos na de inicio das actividades e 12 anos, cumpridos ou cumprilos no ano de realización das actividades.

Cuarto: As solicitudes de inscrición no "Verán Lúdico" realizaranse por períodos. Nos períodos de xuño (do 22 ao 30 de xuño) e setembro (do 1 ao 10 de setembro) non poderán ser divisibles e terán que inscribirse e aboar a totalidade da cuota. Nos meses de xullo e agosto, podrán ser divididos en quincenas (primeira e segunda quincena) como unidades mínimas.

Quinto: Establecense as seguintes cuotas para as actividades do "Verán Lúdico", que serán satisfeitas polos usuarios e usuarias que soliciten a súa participación nas mesmas.

UNIDADE FAMILIAR	XUÑO	XULLO	AGOSTO	SETEMBRO
Unidades familiares que non superen 6,5 veces o IPREM	10 €	15 €/quincena	15 €/quincena	10 €
Unidades familiares que superen 6,5 veces o IPREM	20 €	30 €/quincena	30 €/quincena	20 €

Para determinar o cálculo do importe a pagar por cada usuario en cada período, hai que ter en conta se a unidade familiar ten unha renda inferior ou superior a 6,5 veces o IPREM, que se calculará tendo en conta as seguintes especificacións:

- a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:
1. As fillas e os fillos menores, con excepción dos que, con consentimento das nais e/ou dos pais, vivan independentes destes.
 2. As fillas e os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
 3. As fillas e os fillos maiores de dezaioito anos cun grao de discapacidade superior ao 33 %.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiren as seguintes regras.

- b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación



CONCELLO DE TORDOIA.- (A Coruña)

C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 / 981.69.01.28 FAX.: 981.69.00.05 E-mail: correo@tordoia.dicoruna.es

das rendas do exercizo anterior a aquel en que se realicen as actividades, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar.

Sexto: Segundo as circunstancias da unidade familiar ou de convivencia, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto na táboa anterior, aplicaranse os seguintes descontos, como no ano anterior, que non son acumulables entre sí:

UNIDADE FAMILIAR	% DESCONTOS
Nenos e nenas pertencentes a familias numerosas	15%
Asistencia a actividades de varios irmáns	15% (o segundo irmán e sucesivos)

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude, que deberán ser xustificadas documentalmente

Sétimo: A falta de asistencia da nena ou do neno as actividades do programa non supón redución nin exención da cota para o período que realizou a inscrición.

Unicamente se considerará anulada unha inscrición ou matrícula, e polo tanto procederase á devolución do prezo público:

- Por anulación da actividade por causa imputable á Administración.

- Cando o interesado notifique por escrito ó Concello a anulación da súa inscrición con anterioridade o remate do prazo establecido para a inscrición na correspondente actividade

Oitavo: O prazo de inscrición para as actividades do "Verán Lúdico 2020" serán do 3 ata o 17 de xuño.

Noveno: As actividades do "Verán Lúdico" poderán ser modificadas, adiadas ou suspendidas, sempre que así o ditaminen as autoridades competentes ou ben así o aconselle a situación, os datos e a evolución que se observe en relación ao Covid-19.



CONCELLO DE TORDOIA.- (A Coruña)

C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 / 981.69.01.28 FAX.: 981.69.00.05 E-mail: correo@tordoia.dicoruna.es

O concello de Tordoia resérvase o dereito de efectuar as modificacións de instalación, horarios e actividades que considere oportunas.

En todo caso, o concello de Tordoia, cumprirá todas as medidas que as autoridades competentes ditaminen ou aconsellen para a realización de este tipo de actividades.

Mándao e asínao a concelleira delegada de Asuntos Sociais (Resolución 135/2019) en Tordoia a tres de xullo de dous mil vinte

A concelleira delegada en Asuntos Sociais(Resolución 135)

Inés Santos Pereiro